

SISTEMA EXCRETOR NOS MAMÍFEROS

1. Que é a urea?


A urea é o principal produto nitrogenado de refugallo do catabolismo de proteínas e ácidos nucleicos, é o produto de excreción de anfibios e mamíferos.

2. Que é a excreción? Que ocorre se se acumularan os produtos de desfeito?

A excreción é o proceso polo que se eliminan do organismo substancias de refugallo. Se se acumularan produciríase unha intoxicación.

3. Que representa esta imaxe? De que está formado? Indica os nomes das partes sinaladas na imaxe.

A imaxe representa o sistema excretor dos mamíferos, o cal está formado por riles, uréteres, vexiga e uretra.



4. Completa:

Os **uréteres** comunican o ril coa **vexiga**. A **vexiga** é un órgano que almacena a **urina** durante un certo tempo, pode conter ata **1,5 litros**. A **uretra** é o conduto de saída ao exterior da urina.

5. Que é a urina dos mamíferos?

A urina é un líquido constituído por auga, sales minerais e urea.

6. Que é o nefrón?

O nefrón é a unidade anatómica e funcional do ril, a estrutura encargada de formar a urina filtrando o sangue e a posterior reabsorción de todo o que é útil ao organismo.

7. Observa o seguinte debuxo e completa:

a) Colorea de vermello a arteria renal, de azul a vea renal e de amarelo a pelve renal e o uréter.

b) Como se chama o vaso polo que o sangue entra ao ril para ser depurada?

Arteria renal.

c) Como se chama o vaso polo que o sangue, xa depurado, sae do ril?

Vea renal.

d) Que representan os * da ilustración?


O sangue con substancias de refugallo.

e) A onde pasan esas substancias dende o sangue?

Á pelve renal.

f) Que sustancia se forma no ril como consecuencia da depuración do sangue?

A urina.



8. Por que se di que o aparato urinario garda relación coa homeostase do organismo?

Por que o aparato urinario regula o volume e a composición do medio interno, é dicir, regula o balance hídrico e control osmótico (concentración de sales disolvidos na auga) do organismo, e á súa vez este control desde o ril é mediante regulación hormonal.

9. Algunhas substancias son reabsorbidas de novo cara o sangue, e outras continúan o seu traxecto polo nefrón, para formar parte da urina. Na seguinte imaxe:

a) Colorea de vermello os vasos sanguíneos e de amarelo o nefrón.

b) Indica as diferentes partes do nefrón.

1. Cápsula de Bowman

2. Glomérulo

3. Túbulo contorneado proximal

4. Rama descendente

5. Asa de Henle

6. Rama ascendente

7. Túbulo contorneado distal

8. Tubo colector

c) Indica en que números se está producindo a filtración do sangue, a reabsorción tubular, a secreción tubular e recuperación de auga.

Filtración do sangue: 1 e 2

Reabsorción tubular: 3 e 7

Recuperación de auga: 5 e 8

Secreción tubular: 7

